



Concello de Outes

EXPEDIENTE: 173/2020

ASUNTO: Procedemento de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021.

DECRETO DE ALCALDÍA

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña), na data que figura á marxe, dito a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES

Considerando que o Concello de Outes ten iniciado o seguinte expediente administrativo:

- Expediente núm. 173/2020: Procedemento de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021, iniciado en marzo de 2020.

Considerando que no expediente 173/2020, consta o inicio, mediante o Decreto número 2020-0080, de 13 de marzo, do procedemento de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021.

Considerando a publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional por mor da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19. Esta situación prorrogouse mediante o Real decreto 476/2020, do 27 de marzo, por quince días máis, polo Real decreto 487/2020, do 10 de abril, ata o 26 de abril de 2020, e polo Real decreto 492/2020, do 24 de abril, ata o 10 de maio de 2020, nas mesmas condicións previstas no real decreto inicial.

Considerando que a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, na súa redacción dada polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, refírese á suspensión de prazos administrativos, sinalando a suspensión de termos e prazos para a tramitación dos expedientes de todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

Porén, a propia disposición prevé que as entidades do sector público poden acordar, motivadamente, a continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situación estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 3 os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre eles o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

Tendo en conta o recollido nos parágrafos anteriores, considérase necesario poder restablecer o prazo de presentación de solicitudes do proceso de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021 e adaptar tamén as fases posteriores segundo os axustes que se consideren necesarios, modificando e axustando as datas; todo isto coa finalidade de que sexa posible tramitar todo o proceso procurando a súa resolución o antes posible para un correcto funcionamento do servizo público do Punto de Atención á Infancia, de xeito que o centro e o persoal educativo poidan preparar con normalidade o novo curso e se minimicen así as consecuencias para familias, alumnado e centros, logo da situación excepcional de emerxencia sanitaria que motivou a súa paralización. Así mesmo, garántese que o alumnado teña asignada a praza no centro que solicite e poida formalizar a súa matrícula dentro do período ordinario anual que se estableza.

A vista dos antecedentes expostos:

RESOLVO

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.



Concello de Outes

PRIMEIRO.- Autorizar a continuación dos seguintes procedementos administrativos:

- Expediente núm. 173/2020: Procedemento de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021.

SEGUNDO.- Nos actos administrativos que se diten nos procedementos citados no apartado anterior, deberase facer mención expresa a esta Resolución.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto na disposición adicional oitava do Real Decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o cómputo de prazos para interpoñer recursos en vía administrativa ou para instar calquera outros procedementos de impugnación ou reclamación, computarase dende o día hábil seguinte a data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo transcorrido dende a publicación ou notificación das actuacións administrativas que susceptible de recurso, polo que nas anteditas actuacións farase mención expresa a esta circunstancia.

CUARTO.- Restablecer o prazo para a presentación das solicitudes de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma, de xeito que se iniciará o día 1 de xuño de 2020 e rematará o día 12 do mesmo mes.

QUINTO.- Publicar esta Resolución na páxina web corporativa www.outes.gal, para xeral coñecemento.

Outes, na data que figura á marxe.

O Alcalde,

Perante min, a Secretaria da Corporación

D. Manuel González López

D^a. Míriam Naveira Dono

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.

